



ASOCIACIÓN XUVENIL ATEIBO

Praza da Milagrosa, 10

27003 Lugo

Tel. 633674528/ 982214957

cxateibo@yahoo.es

CATECUMENADO!!!

Lugo, 18 de xuño de 2015

A tódolos membros dos grupos de catecumenado e ás súas familias:

Benquerida familia:

Xa sodes coñecedores da participación do voso fillo ou filla no Catecumenado Xuvenil que, dende hai anos, vimos ofrecendo ós mozos e mozas dende o Centro Xuvenil «Ateibo».

O Catecumenado Xuvenil é a continuación do proceso que moitos rapaces e rapazas xa iniciaron en Pequechos Saltimbanquis, Andaina e continuaron en ADS. O obxectivo deste itinerario é contribuír á maduración integral dos nenos e nenas a través dunha metodoloxía grupal baseada no xogo, no diálogo e na participación activa, e sempre dende unha perspectiva humano-cristiá.

As actividades que vimos realizando no Catecumenado son, aparte da reunión semanal, as convivencias, a celebración de Nadal e encontros con mozas e mozos doutras cidades do noso entorno, como a xuntanza de xaneiro, a participación no DonBosco.com-tigo, o Campobosco, a Pascua Xuvenil ou o Encontro Pascual de Adolescentes.

Un dos momentos máis significativos do Catecumenado é o cursiño de verán: 8 días de encontro con rapaces e rapazas doutras cidades que, sen dúbida, serán unha boa oportunidade para a convivencia e para afondar na vida do grupo.

Aquí mostramos as datas e lugares correspondentes a cada nivel, así como o prezo (inclúe tódolos gastos: viaxes, albergue, comidas e materiais):

DESTINATARIOS	LUGAR	DATAS	PREZO
Nivel Iniciación I e II	Cambados	7 ó 15 de xullo	192 €
Nivel 1º e 2º de Catecumenado	Cambados	7 ó 15 de xullo	192 €
Nivel 3º de Catecumenado	Por determinar	Por determinar	Por determinar

Se queredes consultar algunha cousa non dubidedes en preguntar ós animadores, ou ben podeades falar co coordinador de Catecumenado (David). Haberá unha reunión informativa o **martes, 23 de xuño**, no salón de actos do colexio.

Para participar nos encontros deberedes entregar esta autorización en Ateibo e aboar os 192 € antes do día 30 de xuño (No caso de ser varios irmáns, farase un desconto do 10% no campamento máis barato. En calquer caso, non queremos que o prezo do cursiño sexa o único impedimento para asistir ó mesmo).

(Cortar pola liña e entregar)

Ficha de inscrición

Eu, _____, quero participar no cursiño de Catecumenado correspondente ó nivel _____. Tlfn. Contacto _____

Sinatura:

Eu, _____, pai/nai/titor/titora de _____, apoio e autorizo a súa participación no devandito encontro de grupos de Catecumenado. Tlfn. Contacto _____

Sinatura do pai/nai/titor/titora:

Cantidade entregada xunto coa autorización: _____ €